

# As mulleres contra a Autoestrada do Atlántico

Salcedo, parroquia do rural do Concello de Pontevedra, viviu durante os anos 70 un dos episodios máis relevantes da súa historia, un episodio gardado aínda hoxe na memoria dos veciños e das veciñas protagonistas, e non protagonistas.

Quen coñeceu esta parroquia descríbena como tranquila, agradable, como un paraíso, afirman. Porén, a chegada da autoestrada do Atlántico transformouna drasticamente e toda a veciñanza coincide en destacar que houbo un antes e un despois da construción desta vía que, segundo a definían, viña romper Galiza en dúas metades e, no seu caso, a súa parroquia.

“Nós antes aquí esto era un paraíso. Agora é un inferno. A nosa filla ten unha casa aí arriba e aí arriba estás de marabilla pero ese ruído te taladra. Meu marido dice muitas veces (ás veces nos sentamos aquí fóra no patín) e dice el: “eu marcho para dentro que eu xa non aguanto máis”. Porque é seguido, seguido, seguido. E de noite... de noite igual. E cando pisan os... agora puxeron esas cousas dos laterales, pero esas rugosas, que fan ruído. Pois como as pisen, síntelas como se estuveras alí ao lado. Igual, eh! É horrible. Dentro da casa non o notas tanto porque claro, cerrámola ventana”. (M.C.F., Salcedo).



O día 2 de marzo de 1972 apróbase no BOE o proxecto dunha obra para unha autoestrada de 235 quilómetros que uniría o norte e o sur do occidente galego. No ano seguinte, en 1973 publícase o nome da empresa concesionaria para realizar esta obra: *AUDASA - Autopistas del Atlántico Concesionaria Española S.A.*

Este vai ser o punto de partida dunha revolta que se estende, ao igual que a autoestrada, do norte ao sur do país, da man dunha serie de persoas anónimas que, sen quererlo, se converten en protagonistas dun dos actos reivindicativos de maior envergadura da nosa historia recente. Non sería, porén, o único. A pesar de que a concesión da autoestrada foi aprobada en 1973, a maior intensidade do conflito situouse entre 1976-1979, período marcado polo franquismo e polas reivindicacións políticas en conflitos semellantes, como o das Encrobas no ano 1977 ou o de Baldaio nese mesmo ano.

Esta situación de intensa conflitividade social non se manifesta só en Galiza e por todo o estado se dan mostras de descontento ao impulso dun modelo económico, o desenvolventismo, que fomenta un Plan Nacional de Autoestradas que vai xerar moitos desequilibrios e que vai ter importantes consecuencias sociais. Este Plan Nacional estará condicionado desde o seu nacemento polos intereses de empresas privadas que xeran un negocio que se idea desde as estruturas políticas coa intención de favorecer os intereses económicos de empresas construtoras afíns ao réxime e en detrimento das necesidades da poboación e que contaba, desde un principio, co beneplácito do goberno franquista.

Á complicidade política súmase o apoio dos medios de comunicación, propagadores do discurso oficial e encargados de xustificar o proxecto diante da sociedade. No entanto, condicionados pola magnitude que acada o conflito e polo momento histórico en que ten lugar, a opinión da veciñanza afectada aparece timidamente recollida aínda que ofrecendo unha visión nesgada e manipulada do conflito:

“Pois na prensa o que che digo eu. Mandabas un escrito e isto xa mañán... acordaban cousas e escribían e isto mañán xa sale na prensa e tal. Pero íbamos coller a prensa e traía nunha esquina un mini. Era rarísimo que salira o escrito que lle mandaban”. (M.M.P.; Salcedo).

A pesar de todos estes contras, o da Autoestrada do Atlántico foi un conflito cunha grande repercusión social, que centrou moitos dos debates e da atención pública durante máis dun lustro. En boa medida, esta atención mediática foi conseguida grazas ao labor das persoas que denunciaron sen medo as aldraxes dunha obra que destruíra o seu sistema de vida, que cortaba en dous o seu día a día sen considerar como lles afectaba, só en prol dun progreso que non todas as partes implicadas consideraban como tal. Co deseño desta autoestrada e coa súa



posterior construción introducíase, non só o debate de como lle afectaba aos veciños e ás veciñas esta nova infraestrutura, senón que se visibilizaban dous discursos que representaban dúas maneiras diferentes de entender o país: por unha banda, había quen defendía a autoestrada como unha oportunidade de desenvolvemento social e económico; por outra, quen rexeita a concentración da poboación e da industria na faixa occidental e propón como alternativa reforzar a rede viaria existente, facilitando así os desprazamentos por todo o país e fomentando o uso de medios públicos, como o ferrocarril.

Este debate centrou parte dos discursos e contradiscursos esgrimidos en favor e en contra da autoestrada. No medio deste debate ideolóxico, de defensa dun ou doutro modelo de desenvolvemento, estaban as persoas afectadas, aquelas ás que lles arrebataban as veigas das que vivían, ás que separaban das súas veciñas e veciños, ás que lles destruían os camiños polos que levaban toda unha vida transitando, ás que deixaban sen recursos como a auga. Aproveitando a existencia dunha Lei de expropiación forzosa do franquismo, en cuestión de días despoñían a xente das súas propiedades por unha escasa contía nas indemnizacións e con constantes atrasos no pagamento.

“E mira que non vas a cobrar máis. Se non cobras agora despois aínda vai ser peor. Mira que despois coa expropiación vas a cobrar menos (aínda que ao mellor se cobrara un pouco máis!). Hubo zonas que cobraron un pouco máis; hubo zonas que cobraron un pouco menos. Despois valoraron eles como lles dou a gana. Non sei; eu non sei que criterio tomaron tampouco para valorar, entendes? Non o sei. Pero, hubo muito deso, muito. Intentar separar”. (M.C.F.; Salcedo).

Pouco a pouco, o descontento veciñal foi en aumento e en 1976 xurdiron as primeiras accións de protesta organizadas por veciños e veciñas de Salcedo, e tamén de Vilaboa.

“Empezaron a queixarse xa de Vigo pa acá. Entonces empezáronse a enterar os da asociación... porque xa a asociación de veciños xa a había. Entonces empezáronse a enterar e a avisar a xente. Mira que vén por aquí... Foi cando empezaron a vir a medir, cando empezaron a dicir: “mira, que están deixando esto mal; tal cousa están deixando...”. (M.M.P.; Salcedo).

A pesar de que xa con anterioridade se ten constancia da existencia de protestas individuais, o feito de estaren organizadas confírelle ao conflito unha nova dimensión que marcará o seu desenvolvemento. A intensidade do conflito chegou a ser de tal magnitude que o 4 de maio de 1977, as veciñas e os veciños de Salcedo e de Vilaboa conseguen que se paralicen as obras, non exentos de enfrontamentos protagonizados por unha destacada participación de mulleres.

“Medo pasas tamén. A ver, se solamente fora coas máquinas pois ao mellor aínda non porque dices ti; vas apartando e tal. Pero ti ao ver chegar os antidisturbios... mira que daquela eu penso que eran máis de trescentas persoas, os



antidisturbios. Porque chegaran un mogollón de furgonetas, un mogollón e viñan cargadas a tope. Miralos todos vestidos, con aqueles... aquilo impresionábase muitísimo. Porque dicías ti: “dios mío, eu non estou facendo nada para que veña esta xente aquí así... porque, a ver, que viñera a Guardia Civil e che dixera: “mira, ustedes non poden estar aquí”, ao mellor inda o entendías. Pero que veñan os antidisturbios así... e máis a lo loco perdido, eh! Porque aquilo foi, atacar pero atacar ao que fora. Eu creo que hasta atacaban aos árboles. Porque, chica; dixéramos: oe, eramos aquí toda a parroquia de Salcedo, pois vale. Pero...”. (M.C.F.; Salcedo).

Neste mesmo ano nace a Coordinadora Nacional de Afectados pola Autopista do Atlántico, que consegue involucrar a veciños e veciñas afectados polo trazado da autoestrada en toda a súa lonxitude e que consegue convocar reunións conxuntas das áreas afectadas polo trazado da autoestrada. Estas reunións tiñan lugar en Santiago de Compostela, normalmente os domingos, e tiñan como obxectivo definir unha estratexia conxunta de mobilizacións contra a autoestrada e informar sobre as diferentes actividades que se estaban a desenvolver en cada zona, problemáticas detectadas e posibles solucións. Entre as persoas participantes, segundo nos conta A. E., había curas que, simpatizantes coa loita protagonizada pola veciñanza, aproveitaban a misa para informar e permitir que as persoas afectadas se puidesen dirixir aos e ás asistentes para facer chegar a súa mensaxe e contrarrestar a desinformación dos medios.

As accións de protesta directa estiveron complementadas en todo momento por outro tipo de actividades impulsadas desde a vía institucional, sobre todo, a través do envío de cartas, queixas e peticións. Tamén se convocou, o día 4 de setembro de 1977, unha das manifestacións máis numerosas que se lembra na cidade de Pontevedra, cunha elevada participación que se sitúa entre as 5.000 e as 10.000 persoas.

Pero na rúa, no cara a cara entre traballadores da autoestrada, autoridades e veciñanza, o conflito dirímese no día a día. As accións emprendidas son diversas e están caracterizadas por momentos de elevada tensión. O obxectivo é paralizar as obras, e para iso calquera método é válido: pórse diante da maquinaria, como fixo Maruja, de Salcedo, a quen a levou por diante unha escavadora; ou Carme, tamén de Salcedo, quen embarazada de sete meses non se acovardaba á hora de facerlles fronte. Puxéronse diante da maquinaria pesada, enfrontáronse fisicamente coa Garda Civil, conseguiron entrevistarse con Leopoldo Calvo Sotelo, Ministro de Obras Públicas, e con diferentes técnicos da Dirección General de Carreteras; aínda que, segundo afirman, non lles serviu de moito.

“E cando foi en Vilaboa, que viña Calvo Sotelo, total... po caso que nos fixo. “Vén o ministro, vén o ministro”. O ministro... estabamos esperando... [...]. “No sabemos cuando chegará”. Levabamos toda a tarde, alí na carretera de Vilaboa. Que se viña en Bueu, que se viña... pero ao ver que nós resistiamos entón... e estaba alí adiante! Estaba chegando a Vilaboa. Tiñano alí retenido para a ver se nós



marchabamos. Entonces foi cando nós ibamos a falar con el e colleu el e dixo que no, no, no. Que el que nos recibía a solo uns representantes. [...] E recibiu uns cuantos e faláronlle o gallego e dixo que se lle falaban o gallego que el non contestaba. Que eran uns maleducados por ir a el falándolle o gallego. E el era gallego. E nós pa que estuvemos aquí? Se este home non nos vai axudar nada!". (M.C.F.; Salcedo).

E é o que o se estaba a decidir afectáballes directamente e tiñan que defenderse diante da expropiación de terras de cultivo non xustas; da negativa á reposición de camiños e pasos destruídos polas obras; do parcelamento das propiedades que deixaba inútiles as que antes da chegada das máquinas eran das mellores terras de proveito que posuían; da destrución do sistema de abastecemento de augas; da destrución da rede local de camiños e corredeiras; das consecuencias do uso de cargas explosivas que provocaba danos estruturais en vivendas e construcións, e incluso derrubamentos. Foron moitos anos de loita para acabar convivindo coa autoestrada mais sabían desde o comezo que a autoestrada se ía facer. O importante, en todo caso, era evitar e combater as aldraxes de quen entendía que podía chegar a un lugar e apropiarse del, da súa vontade, do seu futuro:

*"Aquí conseguíronse moitas cousas, eh! Xa non fixeron os abusos que fixeron por aí. Xa chegaron... o sea, a pagar xa chegaron máis ou menos a un acordo; as augas, o que cortaban, facían pozas e facía eso e os puentes xa non chegaron a poñer eses tubos porque claro, dicían que ían poñer por aquí deses tubos e xa non os chegaron a poñer".*



## A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES

Carmen, María, Emilia, Otilia, Maruja, Josefa... son algúns dos nomes das moitas mulleres que participaron nun conflito cuxas consecuencias, grazas á súa valentía e forza, á ousadía de pórse diante das máquinas e das armas, conseguiron mitigar.

Pero non foron só as máquinas e as armas as súas únicas inimigas; loitaron tamén contra os estereotipos, contra quen as criticaba por estaren a defender os seus dereitos, contra quen as consideraba unhas tolas por participaren dunha loita que era súa; contra quen afirmaba que a represión contra as mulleres era menor polo feito de seren mulleres:

“Nin de coña, vamos; nin de coña. Nin de coña. E eu de feito aí no cuartel pasoume o mesmo e levei un hostión por estar diante. Se estivera atrás ao mellor non o levaba! E cando foi da empacadora igual; os que estaban adiante, dáballes igual que foran mulleres ou que fora o que fora. Eu penso que... esas persoas, eu non sei, non entendo como é o sistema deles, pero eu penso que veñen ao que veñen e lles dá igual, quen estea diante, quen estea detrás. Lles dá exactamente o mesmo. Porque iso... Eu solo pensalo agora...”. (M.C.F.; Salcedo).

A pesar de teren dous compañeiros detidos aos que se lles aplicou a Lei antite-rrorista, a pesar da represión contras aos seus veciños e veciñas con consecuencias tan graves como a perda dun ollo dun mozo durante unha xornada de protesta ou os casos de malleiras con ingresos hospitalarios posteriores... A pesar de todo iso, elas mantivéronse firmes e, convencidas da necesidade de facerlles fronte aos abusos, loitaron polo seu aínda expóndose a múltiples perigos:

“A min viñeron a por min e menos mal que un agarrouno, que viña coa porra así que dixen eu: “bueno, se ma baixa pola espalda xa me trinca pola mitá”. E o outro díxolle: “pero tu sabes lo que vas a hacer, que esa señora está embarazada”. [...]. Agarrouno por atrás e foi a salvación que senón... e máis viña con toda a idea eh! Viña cunhas ganas que aquilo era para morrer”. (M.C.F.; Salcedo).

No entanto, a súa implicación neste conflito non se limitou a estaren presentes nas concentracións diante da maquinaria da obra ou diante da policía e dos anti-disturbios; moitas delas adquiriron un papel máis decisivo na organización e participaban activamente das diversas asociacións. Estas mulleres estaban presentes na dirección, nas decisións, asistían ás reunións. A información circulaba a través deste tecido asociativo que puña en coñecemento da veciñanza as consecuencias dunha infraestrutura que non estaba pensaba para se adaptar ás necesidades do país: cortaba o subministro de auga, obrigada os animais a cruzar por túneles, roubaba as mellores propiedades produtivas,... Por medio de vídeos, fotografía e relatos do que acontecía noutros lugares, a envergadura da autoestrada foi adquirindo dimensións extraordinarias por todo o país, de norte a sur.



Evidentemente, non era un contexto fácil para elas. En pleno franquismo e sendo elas traballadoras en moitos casos, debían asumir moitas responsabilidades novas que tiñan que adaptar na súa rutina diaria, de traballo na casa, traballo fóra da casa e todas as tarefas que realizaban antes do conflito. Porque a súa realidade persoal non mudaba dun día para outro e a súa participación nun conflito de tan longa duración non as excluía dos seus quefaceres diarios.

“Aquí practicamente máis as mulleres porque os homes tiñan que ir a traballar. [...] Entonces as que estábamos aí ao pé do cañón éramos as mulleres. As únicas que estabamos. A ver, pois mira, eu hoxe teño que facer non sei que; pois vale, hoxe vou eu. Pois mañán eu quería facer non sei que; bueno, pois quédome eu. Entonces había un grupo sempre; cantas máis puidéramos, claro. Porque sabes que ante iso... [...] Alí non podías deixar nin dúas nin tres. Tiña que ser o máximo que pudeses. E despois ao mellor algún señor maior, que estaba pola casa, que ía tamén”. (M.C.F.; Salcedo).

“E entonces a min avisábanme: “tal día hai que parar as máquinas en tal sitio” e eu ao mellor ía levar o legumbre. Pois chegaba alí, vendía o legumbre polo que podía e collía incluso un taxi para salir ao mellor na carretera de Vigo e parar as máquinas. E na casa non sabían nada”. (M.M.; Salcedo).

Con este esforzo, e a pesar dos riscos aos que se expuñan, estaba moi estendida tamén a idea de que contra as mulleres a represión policial era menor e dificilmente había violencia física. Porén, a versións das implicadas difire radicalmente e recoñecen seren vítimas da violencia policial:

“Eu acórdame que aquí cando fora o dos antidisturbios houbera unha malleira; bueno, unha señora que a filla é a desa casa de aí de enfrente... aquela muller déranlle unha paliza pero negra. Chegou a Pontevedra negra pero negra. Cando... porque nós despois fomos ao forense; todos os que... A ver, a min non me habían feito daño porque a min o único que me habían feito foi que me agarraron por un brazo e ao agarrarme polo brazo quedáronme as marcas, non? Pero, bueno, fomos todos. Pero a ela o forense cando a mirou quedou asustadiño. Dixo el: pero a usted que le hicieron. E dixo ela: pois eu non lle fixen nada. E de feito ela non fixera... porque ela non levaba nada. A ver, había xente que levava legóns, levava ganchas... todos tiñan algo pero é que ela non tiña nada na man; non tiña nada. E déronlle. E ela dicíalle: “ai! Non me pegues meu filliño!”. Canto máis lle dicía non me pegues meu fillo, o outro máis lle daba. Pero púxoas, púxoas fatal, fatal. Tiña uns cardenales polo corpo que estivera... Hasta non sei se estivera algo ingresada no hospital... se quedara algo ingresada porque o forense díxolle que tamén era bo para despois...”. (M.C.F.; Salcedo).

Elas, abandeiradas dunha loita que representaba a de todos os veciños e todas as veciñas, a de todas as persoas afectadas ao longo do trazado da autoestrada, defenderon os seus dereitos, reivindicaron a súa posición armadas con paraugas, con paus, con apeiros de labranza.

“Nin máquinas nin metralletas. Sempre ían co fouciño, por se acaso. Ao final xa non era por cartos que querían facer a autopista do Atlántico. Había orgullo e tamén moitos intereses detrás, intereses políticos”. (A.E.; Salcedo).



“E que tiñas? Unha gancha e un legón, que era o que levabas”. (M.C.F.; Salcedo).

Ao seu carón, os fillos e as fillas destas mulleres que, en moitas ocasións, foron atentos espectadores das inxustizas cometidas e da valentía das súas nais, avoas e irmás. A súa presenza non deixou de ser unha escusa empregada por momentos para as condicionar, cunha pretendida boa vontade na que manifestaban estar “preocupados” polo benestar das criaturas. Porén, elas non se deixaban intimidar e ideaban os mecanismos necesarios para evitar que as crianzas fosen prexudicadas durante a protesta:

“Eles alí arrinconados; estaban os dous da veciña de alí; estaban os meus; estaban outros da veciña de aí; estaban outros de alí de arriba; que ao mellor había... eu que sei! Doce ou catorce rapaces, que hoxe son mozos de trinta e tantos anos, de corenta e tantos anos. E daquela alí metidiños, alí nunha esquina; nós poñíamolos alí nun lado, que sabíamos que alí era moi difícil que chegara alí algo; podía chegar porque nunca se sabe. Pero como nós estábamos hacia a outra zona a eles xa os deixábamos máis separados. [...]. E de feito sempre quedaba unha persoa cerca deles para que... si, no, no, nunca se deixaban solos. En ese aspecto; contra os rapaces nunca... de feito, de feito unha vez, un veu hacia nós e díxonos que el que nos pedía que unha persoa se fora cos rapaces dalí. Decía el: non por nada que aos rapaces aí non lles vai a pasar nada pero non é agradable que os rapaces vexan eso. E entón eu e máis outra veciña lle dixemos: “no, no; si non é agradable que os rapaces vexan eso, váyanse ustedes. Non veñan ustedes aquí. Ustedes son os invasores; nós no. Nós estamos nas nosas propiedades; ustedes veñen a meterse nas nosas propiedades”. A ver, o tío como que quixo razonar un pouco, pero ao final marchou tamén e non dixo máis nada. Pero, cos rapaces nunca tiveron problema”. (M.C.F.; Salcedo).

E é que moitas destas mulleres eran mozas aínda e, case sempre, con responsabilidades familiares que implicaban o coidado dos fillos e das fillas, de persoas maiores, laborais ou de traballo na casa. A preocupación na familia era grande e en ocasións víanse obrigadas a mentir. Nalgúns casos combinábase a responsabilidade do seu quefacer diario, o seu esforzo por participar no conflito coas preocupacións de evitar que se soubera a súa implicación no ámbito familiar...

“A que iba ás reunións da asociación si. Esas si, non lles parecía mal. Quedábanme coa rapaza porque tiñan... el [o pai] non era que non quixera que eu fora... tiña medo a que me pasara algo”. (M.M.; Salcedo).

No entanto, elas non permanecían inmóbiles. Defendíanse con todas as posibilidades que tiñan e organizábanse de cara a favorecer a comunicación e a acción coordinada dos seus movementos:

“A ver, reuníamonos para facer grupos, para quedar, para controlar, para chamar, para eso. [...]. Si, si. Ou a ver, sentías os fuegos e sabías que na Esculca ou no Carramal ou... depende onde estiveran as máquinas, pois aí era onde se iba. Eu sentía tocar a campana e pois mira... debe haber algo vamos alá. E marchabas ao





sitio. Despois non había, puntos de reunirse non había; solamente era onde estaba traballando, onde estaban as máquinas. Aí era onde ibas”. (M.C.F.; Salcedo).

“Si; e dispararon, mallaron, fixeron de todo eh! De todo. De todo. De feito, unha veciña máis eu marchamos a poñerlle unhas tablas con puntas, xa alá en Vilaboa. Bueno, en Vilaboa non, en Figueirido. Xa ao final dalá case de todo e, claro, levamos as tablas e levamos uns legóns para facer uns regos pa metelas, pa escondelas. Estabámolas poñendo e xa miramos vir os coches; claro, alambra! Xa non levamos nada; xa marchamos solas polo monte arriba. Claro, nós a ver, algo conocías pero... ti sabes que meterte por un monte que está todo cheo de maleza é terrorífico. E xa non che daba tempo a meterte polos camiños; tiñas que meterte por onde podías. Bueno, pois baixaron aqueles tíos todos daqueles coches que aquilo parecían jabalís, por aqueles montes arriba. Dounos a santa vida, a santa vida, que eramos dúas solas e bueno (buf) nos metemos alá nun rincón e non nos encontraron. Eu creo que se nos chegan a encontrar... non sei como quedaríamos. Eu penso, penso! Ao mellor equivócome... pero penso que nos ían a meter unha malleira que... íanos acordar a malleira para toda a vida. (M.C.F.; Salcedo).

E cada quen coa súa estratexias, non eran poucos os intentos para enganalas e conseguir así avanzar nas obras. Todo isto obrigábaas a ter capacidade de reacción inmediata, dispoñibilidade case permanente, atención constante aos ruídos e aos posibles sinais de aviso inmediato. Calquera tempo cedido á maquinaria implicaba avances na construción da autoestrada irrecuperables para a veciñanza:

“E máis sabes o que facían muito eles? Engañábannos muitísimo os encargados. Porque collían e dicían: “no, no, no. Non se preocupen. Vaian tranquilos que nós agora isto xa o paramos e agora hasta que haxa nova orden ou tal”. Resulta que ao mellor ás seis da mañá xa se oían os ruídos e xa estaban as máquinas actuando. Claro, diciánnos así, confiabámonos aínda que había xente que xa estaba pendiente e había que volver a ir alí”. (M.M.; Salcedo).

Con todo, conscientes dos perigos e das consecuencias que podía ter para a súa persoa pero tamén para a súa familia, un dos seus maiores pesares era ter que enfrontarse á súa propia veciñanza:

“Pero cando había que acercarse para parar ou tal entonces quedaban alí atrás. Ou cando había prensa, ou cando había tal... non querían que os relacionaran con... porque eu cando foi do xuízo puxen a dous a tres testigos [...]; pareceulles mal porque eu había dado os nomes delas para ir a declarar”. (M.M.; Salcedo).

“Si, que estaba loca. Eu que estaba loca. Bueno, a min personalmente non mo dicían pero si a miña sogra llo teñen dito: “ai, a túa nora, a túa nora está loca”. [...]. Inda hoxe! A ver se ti vas a algún sitio buh, xa eres terrible”. (M.C.F.; Salcedo).

Persoas que desaparecían da noite para a mañá e que, despois de acordar un trato cos representantes da autoestrada, abandonaban a loita:

“Mira, aquí onde colle esa rotonda para abaixo había unha finca grande dunha xente que tiña... había unha bodeguiña vella e todo eso e anduveron con nós luchando e de repende faltan. E nós: “carais, que cousa rara que non estean alí e tal”. E xa chegaran a acordo!”. (M.M.; Salcedo).



Todas estas discrepancias evidenciábanse tamén nas reunións que a asociación organizaba, reunións nas que as diferenzas de criterio se facían públicas e nas que os ataques entre as propias persoas asociadas eran manifestos:

“Xa sabes o que pasa nestas reunións. Si un falaba muito a favor de nós é que tal; si dicían algo que habían dito os da autopista que contaban que tal entonces ese xa estaban vendidos pola autopista, xa... [...]. E sales de mal humor. Cantas veces... había algúns que daba gana de matalos porque sabe Dios cantas veces... e que sacrificios se tiñan que facer porque a ir á Coruña para cousa que ían saber e para estar con jefes e todo iban á conta da asociación ou deles, porque non había presupostos. E perder o día, e poñer o seu tempo, e discusións e... que non era cobrar un sueldo, era todo de voluntá”. (M.M.; Salcedo).

Contra todo isto, había no grupo unha gran solidariedade compartida, un apoio mutuo que contribuía a aumentar a eficacia das súas accións e que permitía momentos de respiro, de relaxación e de confraternidade cuns veciños e veciñas que sufrían na mesma medida as consecuencias dunha obra que nunca quixeran que lles fose imposta de tal maneira:

“A min nin me iba nin me viña. Solo iba luchar. Non me gustaban as injusticias, gustábame... ademais eso, eu tiña personas que lle collía, que lle quería, e luchaba como se fora para min”. (M.M.; Salcedo).

A existencia do grupo tamén axudaba a tomar decisións difíciles ás que se tiñan que afrontar con regularidade: elixir entre vender ou non vender, en que momento facelo, como lle afectaba ás familias, como afrontar as posibles discusións na familia e xestionar diferentes opinións; en definitiva, a dificultade de tomar unha decisión axeitada, unha decisión coa que habería que convivir despois:

“Que despois o meu sogro ten falado moitas veces [...]: aí se me guiara por vós e non cobrara... Abuelo, agora xa está. [...] Aquí quedaron moi pouca xente que non cobrara; quedou esta muller desa casa e algunha máis pero pouca máis. E algúns habían cobrado unha parte e non habían cobrado a outra. Eu non sei se pagaran en dúas ou tres veces. E claro como despois xa empezaban a andar nun lado e noutro iban pagando por zonas, non sabes? Entonces había xente que aínda non cobrara todo... fora un follón pero moi grande, moi grande, moi grande porque non sabías o que ibas a facer. E entonces claro ti estabas no medio pero a ver aquí tampouco... a min por exemplo non me afectaba porque meu tampouco non era nada. Me afectaba, me afectaba... pero eu non podía decidir. Entonces aínda que falara as cousas e dicía as cousas... e máis te mantiñas un pouco ao marxen porque dicías ti: non vaia ser que diga esto e despois salga esto”. (M.C.F.; Salcedo).

E todo isto non acabou aquí senón que perdurou no tempo, na memoria colectiva dunha parroquia que aínda conserva a lembranza do sufrimento por unha vida perdida:



“A miña sogra tivera un infarto despois dalí a uns anos. Eu penso que iso que lle afectara muitísimo. A ela xa lle afectaba que nós muitas veces xa non lle deixabamos ir hasta aí. Porque a ela eso lle afectaba muitísimo, muitísimo. E eu ás veces lle dicía: “mire, é mellor que quede cos nenos na casa”. “No, eu tamén vou hasta aí”. “Abuela, quédese aquí”. Que despois, ela a pobre, viña fatal. [...] É mui complicado, mui complicado. Que levas toda a túa vida aí e máis coas túas cousas... Eles levaran moito traballo a plantar a viña que tiñan. Tiñan aí unha viña moi boa. Botaban as patatas aí porque eran unhas terras que lle daban unhas patatas mui boas. Botaban legumbre. Botaban millo... Botaban de todo aí e de repente quedaban sen nada. Quedaban cunhas fincas aí no cu do mundo que esas non lles valían para nada”. (M.C.F.; Salcedo).

E a sensación final, co paso dos anos, foi dupla: por unha banda, estaba o orgullo de teren participado dun conflito que directamente lle afectaba ás súas vidas e de teren conseguido moitas das reivindicacións que se reclamaban e, pola outra, a amargura de convivir a día de hoxe cunha infraestrutura que non querían:

“Se tes pos a mirar friamente no porque non conseguiches, á parte de non conseguir que non fora adiante, non conseguiches despois tampouco o valor que realmente tiñas, porque non o conseguiches, entonces te sintes mui defraudada porque dices ti: lucheí tanto, anduven tanto para que, para nada. Tuven que andar porque se non anduvera aínda sería peor. Pero bueno, aínda así te sintes mal”. (M.C.F.; Salcedo).

*Este texto non sería posible sen a colaboración e o tempo de María Carmen Filgueira, María Montes, Arturo Estévez e da Comunidade de Montes de Salcedo, especialmente do seu presidente, Fernando. A todas e todos, o noso agradecemento.*